


## A IDADE MODERNA: SÉCULOS XVI, XVII E XVIII



O home vitruviano ca. 1490 (Leonardo da Vinci, CC Public Domain Mark 1.0)



# ÍNDICE

---

## A IDADE MODERNA: SÉCULOS XVI, XVII e XVIII

1. EVOLUCIÓN DO PENSAMENTO POLÍTICO DO SÉCULO XVI E XVII.....	1
1.1 No século XVI.....	1
1.1.1 Maquiavelo.....	1
1.1.2 As monarquías autoritarias.....	2
1.2 No século XVII.....	2
1.2.1 Monarquías absolutas de orixe divina.....	2
1.2.2 Contractualistas.....	3
1.2.3 John Locke.....	3
2. EVOLUCIÓN DO PENSAMENTO ECONÓMICO DO SÉCULO XVI E XVII.....	4
2.1 Nacemento do capitalismo moderno.....	4
2.2 Mercantilismo.....	4
3. A SOCIEDADE NA IDADE MODERNA: O PAPEL DA MULLER.....	5
3.1 A muller durante a Idade Moderna.....	5
4. O HUMANISMO: O RENACEMENTO.....	7
4.1 O Humanismo.....	7
4.2 O Renacemento.....	7
4.2.1 En Italia.....	8
4.2.2 En España.....	8
<i>Exercicios</i> .....	9
SOLUCIÓNS.....	11

## 1. EVOLUCIÓN DO PENSAMENTO POLÍTICO DO SÉCULO XVI E XVII

Neste cadro do pensamento político da Idade Moderna vemos que cambios se van producindo.

Século	Pensamento político
Século XVI	<ul style="list-style-type: none"><li>• Maquiavelo-stato.</li><li>• Monarquías autoritarias.</li></ul>
Século XVII	<ul style="list-style-type: none"><li>• Monarquías absolutas de orixe divina: Bossuet.</li><li>• Contractualistas: Hobbes.</li><li>• Locke-separación en dous poderes.</li></ul>
Século XVIII	<ul style="list-style-type: none"><li>• Monarquías ilustradas.</li><li>• Ilustración: Montesquieu-Rousseau-Voltaire.</li></ul>

Da man do Humanismo, do fortalecemento das monarquías da Baixa Idade Media, da volta ao pensamento grecolatino (grazas á caída de Constantinopla, os seus saberes volven á península itálica) e do progreso técnico, a forma de pensar evoluciona:

### 1.1 No século XVI

Na Baixa Idade Media a loita entre o rei e a nobreza, dentro do marco do feudalismo, foise saldando coa vantaxe da monarquía. Lembremos que durante a Idade Media se pasou de ser rei dun pobo a rei dun territorio-nación (*rex francorum* a *rex franciae*). Esta evolución vaise acentuar na península ibérica por razóns militares, ao ter o rei o mando das tropas contra os musulmáns.

#### 1.1.1 Maquiavelo

Nicolás Maquiavelo é un filósofo e político florentino considerado o pai do pensamento político moderno.

**Maquiavelo** apunta na súa obra ***O príncipe (1513)*** ao concepto *stato* (Estado) e ao de *razón de Estado*. Xa non estamos falando dun réxime patrimonial (o rei soberano dun territorio) senón dun concepto de maior alcance. Na súa obra ensina o que debe facer un príncipe se quere manter o poder. Di que a frase: "*O fin xustifica os medios*" é del, pero o importante é que no seu pensamento separa a *moral* da *razón*, a relixión do obxectivo (secularización da política) e, por tanto, pódese facer o que sexa para conseguir, dende un punto de vista político, o que se quere, xustificando o mal menor, e o que quere un príncipe é perpetuarse no poder. Para iso pon comparacións cos animais:

*"Polo tanto, un príncipe, véndose obrigado con coñecemento a adoptar a fera, tiña o deber de escoller o raposo e o león, porque o león non se pode defender contra as trampas e o raposo non se pode defender contra os lobos. Polo tanto, é necesario ser un raposo para descubrir as trampas e un león para aterrar os lobos" (Maquiavelo, 1993:137-138).*

### 1.1.2 As monarquías autoritarias

Vanse fraguando durante todo o final da Idade Media como paso entre as monarquías feudais e as monarquías absolutas. **Os reis van acaparando o poder político** que tiñan os nobres, apoiándose na burguesía enriquecida grazas ao comercio. Para iso, o rei dótase dunha administración, da creación de exércitos permanentes e da facenda real que controla as contas do reino. Tamén monopoliza a política exterior e refórzaa con alianzas políticas, económicas e incluso matrimoniais. Destacan como reis autoritarios os Reis Católicos, Enrique VIII de Inglaterra e Luís XI de Francia.

## 1.2 No século XVII

### 1.2.1 Monarquías absolutas de orixe divina

Neste século, o pensamento político pasa por **Bossuet**, que xustifica a **orixe divina do absolutismo**:

- *"O poder é transmitido por Deus directamente ao rei e, polo tanto, este non é responsable ante a lei nin os súbditos, senón só ante Deus".*

O rei é o pai dos súbditos e debe buscar a súa felicidade.

Xustificou así a monarquía absoluta de **Luís XIV**, que chegou a dicir:

- **"O Estado son eu".**



Luis XIV. O rei Sol. Rigaud. Museo do Louvre. Dominio público

### 1.2.2 Contractualistas

O contractualismo explica que a orixe da sociedade se debe a un contrato entre humanos, polo que se acepta a limitación de liberdades someténdose á autoridade a favor da seguridade e da paz. Polo tanto, o Estado é un consenso entre persoas.

No século XVII, **Hobbes** é o principal defensor desta teoría e cre que o poder é absoluto e indivisible porque "*o home é malo por natureza*" e só un poder forte o reprime e controla.

A súa máxima foi: "**Homo homini lupus**" (O home é un lobo para o home).

### 1.2.3 John Locke

Na súa obra *Tratado do goberno civil* explica que os homes viven en estado de natureza sometidos ás leis naturais, e esa lei é a razón. Polo tanto, o Goberno só pode xurdir do consentimento das persoas que o forman. Por isto é o creador do **liberalismo político**.

Propón que a soberanía (o exercicio do poder) emana do pobo e que os poderes lexislativo e xudicial deben estar en distintas mans. É o pai do liberalismo político que se asentará no século XIX.

A súa máxima é: "**Onde queira que a lei termine, a tiranía comeza**".



Retrato de John Locke, na National Portrait Gallery (Godfrey Kneller. Dominio público)

## 2. EVOLUCIÓN DO PENSAMENTO ECONÓMICO DO SÉCULO XVI E XVII

Século	Pensamento económico
Século XVI	<ul style="list-style-type: none"><li>• Nacemento do capitalismo moderno.</li></ul>
Século XVII	<ul style="list-style-type: none"><li>• Mercantilismo.</li><li>• Colbertismo.</li></ul>
Século XVIII	<ul style="list-style-type: none"><li>• Fisiocracia - a riqueza da terra.</li><li>• Formulación do liberalismo económico por Adam Smith.</li></ul>

### 2.1 Nacemento do capitalismo moderno

A caída de Constantinopla en 1453 e os descubrimentos xeográficos de finais do século XV fan bascular o eixe económico dende o Mediterráneo cara ao Atlántico.

O descubrimento de América e o tráfico comercial traerá unha abundancia que fará do comercio o motor económico, España é a ponte entre América e Europa. O incremento de prata nos mercados europeos provocará unha suba dos prezos e un enriquecemento das monarquías.

### 2.2 Mercantilismo

É un sistema económico que buscaba os metais preciosos e vender máis que comprar. O ministro francés Colbert levou esta teoría ao extremo baseando a riqueza dun país na cantidade de metais preciosos que podía acumular, intervindo na economía e na industria, co fin de vender ao exterior e consumir o do interior.

### 3. A SOCIEDADE NA IDADE MODERNA: O PAPEL DA MULLER

---

Na Idade Moderna a **sociedade** seguía sendo **estamental**. Dominada pola nobreza e o clero, que cobraban impostos e non pagaban nada. Polo tanto, a desigualdade social marcada polo nacemento mantense durante todo o período.

Durante a Idade Moderna a poboación española pasou dos case 8 millóns aos 10 millóns de habitantes.

Só o 5 % da poboación pertencía á nobreza, **os privilexiados**, pero dentro dela hai moitas diferenzas, non é o mesmo un Grande de España, como o Duque de Alba, ca un fidalgo, que é a categoría inferior.

Están *xerarquizados* así: emperador, rei, duque, marqués, conde, vizconde, barón, señor e fidalgo.

Empezaron agora a comprarse ou concederse títulos nobiliarios por servizos (administrativos ou militares), eran os *nobres de toga e espada*.

Os **non privilexiados** eran o resto, máis do 80 % da poboación, dedicábanse na súa maioría ao sector primario (o campo) e tiñan que pagarlle ao señor do dominio (feudo), o décimo ao clero e o censo ao rei. A vida era moi dura, pero tamén había moitas diferenzas, xa que un agricultor do norte podía ser propietario das terras, cousa que no sur era moi pouco frecuente e normalmente traballaban para un terratenente.

Aínda peor estaban **as minorías** como os xudeus conversos e os mouriscos, que sempre estaban vixiados pola súa procedencia étnica e relixiosa.

Lembrede que é agora cando se introduce **a Inquisición** en España. Esta institución que velaba pola moral e o dogma católico era orixinaria de Francia e introdúcena en España a finais do século XV. Será unha fonte inesgotable de control por parte da monarquía contra os seus opositores políticos.

#### 3.1 A muller durante a Idade Moderna

A súa realidade viña marcada polo nacemento. Pero tanto as pobres coma as ricas, a súa vida estaba marcada polo **matrimonio** ou o ingreso nun convento.

Dentro do **estamento privilexiado** podemos diferenciar:

- **As mulleres da nobreza.** Podían herdar títulos e dirixir a súa casa. Temos exemplos de mulleres con poder como Isabel I de Castela, que tivo que blindar o seu reino ao casar con Fernando de Aragón na Concordia de Segovia, de onde saíu o de: *"Monta tanto, tanto monta Isabel como Fernando"*.

Na dinastía dos Austrias houbo moitas mulleres sobresaíntes como: Isabel de Portugal, rexente de España durante as ausencias de Carlos V, ou Mariana de Austria, rexente de Carlos II.

Era unha norma habitual que, ao casaren, os bens da muller pasaran ao marido, que así pasaba a ser o cabeza da familia e dono de todo. As mulleres quedaban relegadas á casa para o coidado e a educación dos fillos.

- **As mulleres na Igrexa.** Normalmente as segundonas (as que non herdán o título) da nobreza podían entrar na Igrexa e algunhas delas alcanzaron gran renome como abadesas. Outras, de orixe humilde, chegaron a escritoras ou intelectuais relixiosas, debemos destacar a Teresa de Xesús ou Juana Inés de la Cruz.

Dentro do **estamento non privilexiado** podemos diferenciar:

- As **intelectuais** vinculadas ás universidades ou á nobreza. Como as damas de honra das raíñas (Ana de Cervatón, Florencia Pinar...), profesoras famosas como Beatriz Galindo *A Latina* ou poetisas como María de Zayas, Luisa Sigea e Ana Caro de Mallén. E sobre todo a pintora Sofonisba Anguissola.
- Temos que sumar **as mulleres do pobo**, que polos seus actos pasaron á Historia, como María Pita (defensora da Coruña en 1589 contra a Contraarmada Inglesa do almirante Drake): "*Quen teña honra, que me siga*". Ou na conquista de América, como María Estrada ou Inés Suárez.

Pero a maioría tiñan unha vida vinculada ao **matrimonio**, dedicadas ao coidado dos seus e pasando penurias. A muller do pobo tiña unha vida *extremadamente dura e as súas historias sempre se escribiron con minúsculas ou non se escribiron.*



*María Pita cargando contra os ingleses* (Arturo Fernández Cersa. Dominio público)



## 4. O HUMANISMO: O RENACEMENTO

---

### 4.1 O Humanismo

Os cambios que se deron no final da Idade Media crearon unha nova forma de pensar que se coñece como o Humanismo. A súas principais características son:

- **Antropocentrismo.** Durante a Idade Media era Deus o centro de todo, agora o Home pasa a ser o centro de atención do pensamento humanista. Así se investiga a súa anatomía, o seu pensamento, a súa historia...
- **Triunfo da razón.** O pensamento pasa a ser crítico, abre a porta á *dúbida metódica* de Descartes no século seguinte.
- **Volta ao clasicismo.** Os humanistas queren recuperar o legado clásico das civilizacións grega e romana. A chegada desde Constantinopla, despois da súa caída, do saber clásico será obxecto continuo de estudo.
- **A imprenta.** Será o invento de Gutenberg imprescindible para difundir as novas ideas por Europa.

En España destacarán humanistas como Antonio de Nebrija, Luis Vives ou Francisco Valles...

### 4.2 O Renacemento

Estilo artístico que nace en Italia e que supuxo a ruptura co gótico. Distínguense dúas etapas:

- O **Quattrocento** (S. XV) co seu centro en Florencia.
- O **Cinquecento** (S. XVI) co seu centro en Roma.

Baséanse:

- No Humanismo, e aséntanse nas cidades comerciais onde a burguesía vai afianzando o seu poder.
- Os artistas volven asinar as súas obras e alcanzan gran prestixio social.
- A volta ás formas clásicas de Roma e Grecia. Busca da proporción e do equilibrio co arco de medio punto e as formas clásicas. Recuperan o canon, buscan a perfección da beleza ideal e preocúpense pola natureza e a anatomía humana.
- A consecución da perspectiva permite representar en tres dimensións sobre un plano. En pintura, Leonardo da Vinci lévaa á perfección.

#### 4.2.1 En Italia

##### En arquitectura

- Recupéranse as ordes clásicas, o arco de medio punto e as cúpulas. Destacan Brunelleschi, Alberti, Bramante e Michelangelo (San Pedro do Vaticano).

##### En escultura

- O corpo humano e os temas mitolóxicos clásicos serán os temas máis frecuentes. Destacan entre outros, Donatello, Ghiberti e Michelangelo (O Moisés, O David, A Piedade...).



Cúpula de San Pedro do Vaticano. Michelangelo. Dominio público.

##### En pintura

A perspectiva e o óleo cambian as técnicas herdadas do gótico. Destacan autores coma Masaccio, Botticelli e os xigantes do Cinquecento: Da Vinci (A Gioconda, A derradeira cea), Rafael (A escola de Atenas) e Michelangelo (a Capela Sixtina).



A *Gioconda*. Leonardo da Vinci. Museo do Louvre. Dominio público.

#### 4.2.2 En España

##### En arquitectura

Distinguimos tres etapas:

- **O plateresco.** No final do século XV. Destaca pola ornamentación das fachadas con coroas, flores, escudos..., ao estilo dos prateiros, como a fachada da Universidade de Salamanca.
- **O Renacemento pleno ou clasicista.** Volven á austeridade clásica deixando a decoración plateresca, como no pazo de Carlos V de Granada.
- Dentro do *clasicismo manierista*, o arquitecto Juan de Herrera crea un estilo persoal, austero e grandioso, con liñas rectas e volumes cúbicos na construción do pazo do Escorial (segunda metade do S. XVI).

**O Manierismo** busca traballar *alla maniera de...* seguindo os grandes do Renacemento clásico como Leonardo da Vinci, Miguel Ángel ou Rafael. Pero para darlle estilo propio, os pintores e escultores do XVI alteran a perspectiva e a cor, alongan os corpos, complican as composicións, utilizan a liña serpentínata e dotan de violentos escorzos as súas composicións.

## En escultura:

### En escultura

Destaca a imaxinaría relixiosa, policromada, feita en madeira, acentuando o sentimento relixioso. Os escultores máis importantes son Berruguete e Juni.

### En pintura

A pintura española estivo ao servizo maioritariamente da Igrexa e da nobreza (os que podían pagar).

Tiveron, sobre todo, influencias flamencas e italianas.

Destacou Sánchez Coello e Luis de Morales, entre outros.

E como cima do Manierismo, O Greco.



*O martirio de San Mauricio (1580-82). Patrimonio nacional. Pazo do Escorial (O Greco. Dominio público).*

## EXERCICIOS

---

### Exercicio 1

Completa:

A Idade Moderna é unha etapa histórica que abarca os séculos ..... , ..... , ..... Empeza cos ..... e finaliza coa ..... en .....

### Exercicio 2

Que é unha monarquía autoritaria? En que século destacan? Pon exemplos.

### Exercicio 3

Que é unha monarquía absoluta? Que propón John Locke?

### Exercicio 4

O capitalismo moderno nace por dous acontecementos, cales son? Que buscaba o mercantilismo e o colbertismo do século XVII?



### Exercicio 5

Como era a sociedade na Idade Moderna? Fai un esquema básico.

### Exercicio 6

Cales son as características principais do Humanismo?

### Exercicio 7

O Renacemento é un novo estilo artístico que nace en ..... e ten varias etapas, que son o ..... no século ....., e o ..... no século ....., e remata co .....



## SOLUCIÓNS

---

### Exercicio 1

A Idade Moderna é unha etapa histórica que abarca os séculos XVI , XVII e XVIII. Empeza cos descubrimentos xeográficos e finaliza coa Revolución Francesa en 1789.

### Exercicio 2

Os reis acaparan o poder que tiñan os nobres apoiándose na burguesía. Dótanse dunha administración, de exército real e monopolizan a política exterior. Son do século XVI e destacan os Reis Católicos, Enrique VIII de Inglaterra ou o rei Luis XI de Francia.

### Exercicio 3

É o modelo de monarquía proposto por Bossuet que xustifica a **orixe divina do absolutismo**: *O poder é transmitido por Deus directamente ao rei* e, polo tanto, este non é responsable ante a lei nin os súbditos, senón só ante Deus. O rei é o pai dos súbditos e debe buscar a súa felicidade.

John Locke afirma que o Goberno só pode xurdir do consentimento das persoas que o forman. Por isto é o creador do **liberalismo político**. Propón que a soberanía (o exercicio do poder) emana do pobo e que os poderes lexislativo e xudicial deben estar en distintas mans. É o pai do **liberalismo político**.

### Exercicio 4

Pola caída de Constantinopla ante os turcos otománs en 1453, que fai bascular a economía do Mediterráneo cara ao Atlántico e provoca os descubrimentos xeográficos de finais do século XV.

O mercantilismo buscaba os metais preciosos e vender máis que comprar. O ministro francés Colbert levou esta teoría máis ao extremo baseando a riqueza dun país na cantidade de metais preciosos que podía acumular, intervindo na economía e na industria, co fin de vender ao exterior e consumir o do interior.

### Exercicio 5

Estaba dividida en estamentos: privilexiados, cobran impostos: nobreza e clero.  
Non privilexiados, pagan impostos: o pobo.

### Exercicio 6

Antropocentrismo.      Triunfo da razón.      Volta o clasicismo.      A imprenta.

### Exercicio 7

O Renacemento é un novo estilo artístico que nace en Italia e ten varias etapas, que son o *Cuattrocento* no século XV e o *Cinquecento* no século XVI, e remata co Manierismo.